



GUÍA DE COMUNICACIÓN INCLUSIVA

PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN PARA UNHA COMUNICACIÓN EN CLAVE DE IGUALDADE NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Edita: Deputación de Pontevedra

Autoría: Avalia Grupo de Coordinación

Deseño: Deputación de Pontevedra

Data: Setembro 2017

- **PARTE I_** Realidades, Xénero e Comunicación (páx.11)
- **PARTE II_** Recomendacións para un uso inclusivo das linguaxes (páx. 23)
- **PARTE III_** Lista de termos (páx. 45)
- **PARTE IV_** Bibliografía (páx. 67)

O documento que agora presentamos é o resultado dun amplo traballo realizado, desde a perspectiva de xénero, que analiza os usos comunicativos da Deputación de Pontevedra e que ten como obxectivo intervir de forma directa para modificalos.

Este proceso organizouse en tres fases:

- **Primeira:** elaborouse e desenvolveuse unha indagación cuantitativa e cualitativa sobre os usos sexistas da linguaxe escrita e iconográfica observados na web oficial desta administración
- **Segunda:** deseñáronse e impartíronse nove obradoiros formativos, dirixidos, en xeral, a traballadoras e traballadores desta institución e, especificamente, ao persoal adscrito aos departamentos con labores relacionados coa comunicación e a igualdade
- **Terceira:** elaborouse unha guía sobre comunicación inclusiva

No primeiro trimestre do 2016 comezamos a primeira fase, na que se realizou unha indagación para detectar os usos sexistas na linguaxe escrita e iconográfica da Deputación de Pontevedra. A través desta breve investigación constatamos, pese a un incipiente interese por utilizar unha comunicación inclusiva nos numerosos documentos e imaxes analizadas, un tratamento sexista e estereotipado na comunicación escrita e visual. Do mesmo modo, a información cualitativa extraída das enquisas realizadas ao persoal desta institución amosou unha escasa identificación dos usos sexistas e unha actitude expectante cara ao proceso de aplicación da perspectiva de xénero nos procesos comunicativos da institución.

Este proceso de análise e reflexión tivo continuidade durante a formación da segunda fase, na que se observou que, en gran medida, os usos sexistas da comunicación teñen unha relación directa cos mecanismos de socialización diferenciada e de percepción da realidade desde parámetros androcentristas.

Se a indagación foi o proceso que nos permitiu verificar a existencia de usos sexistas na escrita e no material iconográfico a formación foi o mecanismo de retroalimentación necesario para detectar as causas e iniciar o proceso cara á utilización dunha comunicación inclusiva. Coñecemos o “qué” e o “ónde” e temos pautas que nos indican os “porqués”, de forma que tentaremos que este documento sexa o resultado de todos estes procesos anteriores.

Atendendo aos resultados da indagación e do proceso de formación detectamos os tipos máis frecuentes de usos sexistas, o que nos permitiría elaborar unha guía na que cinguirnos a indicar, unha a unha, as diversas incorreccións e a carón destas propoñer as diferentes posibilidades de redacción desde parámetros non sexistas. Non obstante, e sen renunciar a esta oportunidade, os usos de linguaxe sexista atopados son semellantes aos detectados noutras administracións para as que se deseñaron guías e manuais de linguaxe non sexista moi rigorosos e de gran valía. Con todo, pensamos que este tipo de documentos son útiles mais non suficientes.

Daquela, decidimos elaborar un documento que recolla as aprendizaxes froito da indagación e a formación e que induza a reflexionar, a reformular a realidade e a entender que as diferentes linguaxes son un aspecto máis dun proceso de socialización no que todas e todos aprendemos a construír e reforzar realidades e, polo tanto, a asumilas ao decidirmos loitar por modificar o establecido.

Desde esta perspectiva optamos, de xeito consciente, por elaborar un catálogo de principios de actuación co obxectivo de xerar un instrumento de reflexión e consulta que, a modo de guía, facilite a incorporación do enfoque de xénero na comunicación escrita e iconográfica da Deputación de Pontevedra.

Este documento consta de catro apartados, que responden aos seguintes aspectos:

O **apartado I** dedícase á relación entre **realidades, xénero e comunicación** e nel abordamos en qué medida a nosa construción da realidade está condicionada por un androcentrismo herdado e cómo este afecta

a todos os procesos de relación co noso contorno, en especial cos procesos de comunicación mediante os que construímos e transmitimos realidades, certezas e coñecementos. Do mesmo modo, analizamos e identificamos os usos sexistas da linguaxe a través da incorporación da perspectiva de xénero e o papel transmisor e de socialización que posúe o idioma.

No **apartado II** inclúese un breve **marco normativo** sobre a linguaxe e a imaxe non sexistas, á vez que se proporcionan ferramentas e **recomendacións para un uso inclusivo da linguaxe** establecendo un catálogo de recomendacións e posibilidades para acadar unha comunicación inclusiva tanto na escrita coma nas imaxes.

No **apartado III** recóllese unha **lista de termos** ordenados alfabeticamente con alternativas de uso non sexista.

Por último, no **apartado IV** recóllese a **bibliografía** do material utilizado para elaborar esta guía, cuxa consulta se recomenda.



PARTE I

REALIDADES, XÉNERO E COMUNICACIÓN

Neste apartado tómanse como eixes centrais a relación entre as **realidades**, a **comunicación**, o **xénero** e a **linguaxe**.

A linguaxe é un aspecto central da comunicación. En esencia, a linguaxe é un conxunto de símbolos que utilizamos para designar a realidade, e a realidade aprehéndese desde un marco previo explicativo: o androcentrismo ou a dimensión de xénero. De aí que para achegarnos a unha linguaxe non sexista teremos que reflexionar sobre a vectorización de realidade-comunicación-xénero-linguaxe.

REALIDADES, LINGUAXES E COMUNICACIÓN

A realidade nunca é única. Existe unha realidade referida ás propiedades físicas dos obxectos determinada pola “ciencia obxectiva”; non obstante, existen outras realidades que gardan relación cos significados e coa comunicación.

Na primeira realidade existe un consenso científico baseado na percepción e en probas experimentais mentres que as segundas están regradas por normas e consensos sociais dos que podemos ser máis ou menos conscientes. Con todo, estas realidades poderían ser obxecto de discusión tendo en conta que a primeira, a científica, tamén se atopa inserida no mundo das normas e os valores xa que a descubren persoas inmersas nesas outras realidades.

As linguaxes constitúen procesos de simbolización da realidade. Ao comunicarnos estamos recreando realidades, para o que é imprescindible que haxa interlocución por parte doutra ou doutras persoas coas que xerar un intercambio e a transmisión de pensamentos, emocións, actitudes etc. En definitiva, comunicar.

Desde esta perspectiva as diferentes linguaxes teñen o poder de construír realidades, de xerar sociedades, pois a través destes códigos as persoas introdúcense nelas, ata tal punto que as linguaxes representan a forma máis elevada de simbolización, é dicir, de representación do real por un signo consensuado e compartido que revela unha relación de significación.

A través do uso das linguas participamos nun proceso de substitución. Por exemplo, as palabras evocan por medio de pautas sonoras un obxecto sen que teñamos que recorrer á súa presenza física, a súa visualización ou materialidade. Con todo, o símbolo ten un carácter fundamentalmente arbitrario, convencional e polisémico. Arbitrario na medida en que non existe unha relación física co seu significado; convencional, xa que se establece a través dun pacto; e polisémico, ao posuír máis dun significado. A este respecto o antropólogo M. Harris destaca como característica da linguaxe a arbitrariedade. Sobre esta manifesta que os seres humanos posúen a capacidade de adquirir a linguaxe pero non dispoñen por natureza dunha linguaxe pois a capacidade de construír códigos lingüísticos atópase determinada culturalmente e varía dunha sociedade a outra. Esta determinación cultural implica que cada persoa se integra nun universo de coñecementos, que son o resultado da experiencia doutras moitas persoas e que as súas experiencias se impregnan dese coñecemento.

Por causa desta relación entre as linguaxes e a realidade, esta última nunca é un elemento absolutamente obxectivo, sempre existe a través dos sentidos desde a que é percibida, polo tanto a realidade sempre é, en parte, subxectiva, produto dos suxeitos.

Nesta orde de cousas, incluimos o concepto “comunicación” a partir do teórico Paul Watzlawick, que explica que o que chamamos realidade non é unha evidencia senón o resultado do proceso de comunicación, e a comunicación constitúese no xeito de describila e informar dela. Non existe “unha única” realidade senón diversas realidades resultado da comunicación. Desde esta perspectiva a lingua non só transmite información senón que é o vehículo de expresión e transmisión dunha determinada visión da realidade.

A comunicación é un proceso de permanente interacción social e simbólica, que consiste en trasladar o que aínda non ten palabras –e, polo tanto, carece de significado–, as representacións psíquicas, converténdose en palabras e imaxes transmisoras de ideas, valores e significados vinculados a estas representacións.

A linguaxe é o vehículo que nos permite comunicar os nosos pensamentos, vivencias, opinións e experiencias de vida. A linguaxe constrúe pensamento e o pensamento constrúe realidade. A través do proceso de comunicación crecemos como persoas, detectamos o que pensamos, definimos e redefinimos cál é nosa posición no mundo e conferimos posicións ás demais persoas. Comunicarnos permítenos crecer e madurar nunha constante interacción co medio.

Cando falamos estamos a nos escoitar, os nosos significados subxectivos fanse visibles, mudan en aspectos reais para nós. A linguaxe fai real a nosa subxectividade, non só para quen comparte a información (persoa ou persoas receptoras) senón, e máis importante, para unha ou un mesmo. De aí a importancia da linguaxe como xeradora de pensamento e de realidades.

Non existe un único proceso de comunicación senón diferentes procesos condicionados pola realidade compartida das persoas pertencentes a un grupo. En función da importancia que para un grupo teña un elemento da súa realidade ou do seu medio xerará códigos que lle permitan compartir información relevante sobre el. Dependendo de ónde e cómo se produza o proceso de socialización os códigos de comunicación van diferir; non obstante, existen algúns que son compartidos por toda a sociedade sobre os que se constrúe a realidade, coma o androcentrismo e o sexismo.

ANDROCENTRISMO, SEXISMO E LINGUAXES

O **androcentrismo** é a visión do mundo baseada na consideración do masculino como a referencia, o universal, e o feminino como aspecto dependente e subordinado. Esta perspectiva xera un pensamento nesgado que se transmite e reflicte a través dos usos da lingua. O androcentrismo confire unha visión malformada da realidade, desde o momento no que a perspectiva que toma o home como medida de todas as cousas invisibiliza a existencia doutras realidades, da diversidade.

Por outra banda, o **sexismo** é a ideoloxía dirixida a manter a discriminación e a subordinación das mulleres respecto dos homes.

Poderíamos pensar que estes dous conceptos non teñen cabida no mundo actual pero se paramos a pensar atopamos que cando desde a linguaxe se universaliza o masculino como patrón que recolle toda a realidade estase a expresar a través da lingua o estado de discriminación das mulleres.

Na actualidade conviven formas tradicionais con novas formas de sexismo¹, que combinan un paternalismo dominador (sexismo hostil) cun paternalismo protector (sexismo benévolo) actuando como un sistema articulado de recompensa e castigos coa finalidade de perpetuar unha sociedade profundamente desigual. Mentres que o sexismo hostil é o castigo ás mulleres que non desempeñan os mandatos de xénero máis tradicionais, o sexismo benevolente constitúese na recompensa ás mulleres que cumpren os mandatos de xénero.

A UNESCO, no seu manual para un uso non sexista da linguaxe, expresa o seguinte: “A linguaxe non é unha creación arbitraria da mente humana, senón un produto social e histórico que inflúe na nosa percepción da realidade. Ao transmitirlle socialmente ao ser humano as experiencias acumuladas de xeracións anteriores, a linguaxe condiciona o noso pensamento e determina a nosa visión do mundo.”

Recollimos nos primeiros parágrafos que “a realidade está regrada por normas e consensos sociais”. Así pois, imos parar a analizar as consecuencias desta afirmación. Segundo o dicionario da Real Academia Galega **norma**, na súa primeira acepción, é “aquilo que é habitual, conforme á maioría dos casos e que, polo xeral, é tomado como modelo ou como guía”. Na segunda definición é a “regra ou conxunto de regras, convencionais ou establecidas polo uso, ás que se debe ater unha persoa ou cousa”. Por outra banda, a palabra *norma* achéganos ao **normal** definido como: “conforme á norma, ao que é máis frecuente ou habitual”. Non podemos esquecer que se o paradigma no que a nosa sociedade está inmersa é o androcentrismo a “norma” e o “normal” será o referido ao suxeito de referencia, ao home.

1 Teoría do sexismo ambivalente (Glick e Fiske, 2001)

Agora ben, analizando o concepto de “normal” desde unha perspectiva social asimilamos este ao correcto, adecuado, debido etc. En contraposición co “anormal”, entendido como o estraño, diferente, o que se desvía da norma e polo tanto debe ser rexeitado. Pois ben, é preciso entender que as normas como convencións sociais poden modificarse, que non teñen que ver coa orde natural senón coa orde social establecida e que, polo tanto, son construídas, que obedecen a unha determinada visión, a visión androcéntrica do mundo e que é, polo tanto, de xustiza social mudar todas esas normas visibles e invisibles que determinan, por exemplo, que o xénero gramatical masculino tamén se refire ás mulleres, que definen, segundo o Dicionario de la Real Academia de la Lengua Española, a palabra “hombre” como “ser animado racional, varón o mujer”, e que relacionan as imaxes dos homes co mundo público e as das mulleres co doméstico.

COMUNICACIÓN EN CLAVE DE IGUALDADE. A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A linguaxe e as imaxes son potentes axentes socializadores. O paradigma do androcentrismo determina un proceso de socialización diferenciada, entendida esta como o “conxunto de prácticas, símbolos, representacións, normas e os valores sociais que as sociedades elaboran a partir das diferenzas sexuais” (De Barbieri, 1992). No proceso de socialización aprendemos e interiorizamos as normas e os valores e interpretamos a realidade.

A linguaxe xera e transmite convencións sociais herdadas e reflicte unha realidade socialmente construída en lóxica, sexista.

A través da linguaxe apréndese o que se espera de cadaquén e o papel que debemos xogar no tecido social. A escrita e as imaxes transmiten pero tamén responden aos estereotipos e roles de xénero, en definitiva, aos mandatos de xénero.

O sistema sexo-xénero como elemento estruturador das relacións entre os seres humanos condiciona as relacións a través dos estereotipos e roles de xénero. Os primeiros son o conxunto de calidades e características físicas e psicolóxicas que a sociedade lles asigna a mulleres e homes de forma diferencial. Os segundos determinan as condutas e

comportamentos duns e doutras. Unha característica deste sistema é a súa suposta complementariedade, que responde á necesidade de manter unha orde establecida na que as ideas de cómo debe ser e actuar unha muller se asocian ao seu papel reprodutor e ao ámbito doméstico, mentres que o masculino está ligado ao papel produtor e mantedor e se vincula ao espazo público. A outra característica deste sistema é a xerarquía e asimetría que reproduce xa que o papel produtor e o espazo público teñen maior relevancia e influencia que o papel reprodutor e o ámbito doméstico, subsidiario do primeiro.

Se ben é certo que a linguaxe non é en si mesma sexista, si o é a utilización que se fai dela. A linguaxe é un instrumento de invisibilización, negación e ocultación, na medida que non nomea as mulleres, reproducindo o paradigma androcentrista². É sexista na medida en que seguen a existir palabras que cambian de significado segundo se apliquen a mulleres ou a homes³. Por exemplo, a palabra “gobernante” referida á “persoa que ten a dirección política dun estado”, e a palabra “gobernanta” como “muller que nun hotel ou establecemento similar é a encargada do servizo de limpeza e de conservación”. Estas diferenzas atópanse encamiñadas a manter un status de inferioridade das mulleres respecto dos homes.

A mesma reflexión podémola realizar sobre a linguaxe iconográfica. As imaxes transmiten o sexismo e o androcentrismo cando asocian o masculino coa idea de universal. Por exemplo, cando se ilustra a evolución humana a partir do concepto e a imaxe do home (home de Cromagnon, home de Neanderthal etc.) ou cando se vinculan imaxes masculinas ao espazo público (mercadotecnia asociada á venda de vehículos) e imaxes femininas á esfera do doméstico e dos coidados (mercadotecnia relacionada coa venda de produtos de limpeza e infantís). En definitiva, cando transmiten os estereotipos e roles asociados á muller e ao home.

Non obstante, a linguaxe ten a capacidade de nomear, de amosar outras realidades, de cambiar a orde das cousas, de mudar a visión androcentrista pola perspectiva de xénero. Cómpre recordar que a linguaxe é o produto dunha sociedade, que a sociedade é un conxunto de persoas

2 Utilización do masculino como xenérico

3 Duais aparentes

inmersas nunhas normas sociais, que estas son produto de convencionalismos xurdidos dunha determinada visión do mundo, e que esa visión do mundo pode mudar.

Aplicar a perspectiva de xénero significa desvelar o obvio, o que entendemos como normal, como natural, reflexionar e facer visibles os mandatos de xénero para identificar as discriminacións.

Un xeito de aplicar a perspectiva de xénero no uso sexista da linguaxe escrita e iconográfica é utilizar a regra da inversión: intercambiar o feminino polo masculino e o masculino polo feminino, tanto en información escrita coma visual. A través desta regra, de doada aplicación, podemos visualizar e detectar calquera mostra de sexismo: se o resultado de modificar o feminino polo masculino e viceversa resulta chocante, significará que existe un tratamento non igualitario.

Desde esta perspectiva poderemos observar cómo o masculino nunca engloba o feminino, da mesma forma que nos decatamos rapidamente de que o feminino non engloba o masculino. Podemos pensar que todas as persoas estamos habituadas a que isto ocorra, polo que non pasa nada pero... se nos paramos a pensar no papel que estamos a desenvolver cada vez que non nomeamos mulleres e homes por igual, na mensaxe que estamos reforzando, queremos que se siga construíndo así a realidade?

Con todo, a aplicación da perspectiva de xénero obríganos a interrogámonos sobre o que vemos, sobre o cotián e as súas consecuencias na vida de mulleres e homes.

Sabemos que ao nomear o masculino reiteradamente este se fai máis real e se converte en protagonista, mentres que o que non se nomea se converte en ausente. Aplicando a perspectiva de xénero á análise da realidade podemos observar e preguntarnos polas implicacións que ten no noso día a día. Como exemplo, podemos coller calquera xornal deportivo e analizar diferencialmente:

- A porcentaxe de noticias relacionadas co deporte feminino

-
- A porcentaxe de noticias relacionadas co deporte masculino
 - A situación (portada, contraportada, páxina dereita, páxina esquerda, metade superior, metade inferior etc.) das noticias referidas ao deporte feminino
 - A situación (portada, contraportada, páxina dereita, páxina esquerda, metade superior, metade inferior etc.) das noticias referidas ao deporte masculino
 - O número, o tamaño e a localización das imaxes con mulleres deportistas
 - O número, o tamaño e a localización das imaxes con homes deportistas
 - No caso das noticias referidas a mulleres, o texto ou as imaxes que acompañan as noticias fan referencia a aspectos estritamente deportivos?
 - No caso das noticias referidas a homes, o texto ou as imaxes que acompañan as noticias fan referencia a aspectos estritamente deportivos?

Se somos quen de recoller estes aspectos cómpre reflexionar: están igualmente representadas mulleres e homes na linguaxe iconográfica?, e na linguaxe escrita? que modelos de referencia de acción se están a representar? que mensaxe se transmite?

Modificar o establecido sempre atopa trabas, e no campo da linguaxe isto non é diferente. En ocasións, as dificultades veñen pola forte interiorización de usos culturalmente establecidos e outras veces polo descoñecemento de formas sinxelas a través das que comunicarnos de forma diferente. Pero fundamentalmente o complicado é modificar un hábito se con anterioridade non se produce unha reflexión colectiva e individual e unha toma de posición persoal. Este é o primeiro paso para un cambio real. Se non tomamos consciencia da importancia do noso papel na sociedade, dificilmente poderemos converternos en axentes de cambio. É preciso aprender a mirar ao noso redor desde outra perspectiva,

rachando coa mirada androcentrista herdada e poñendo “as lentes de xénero”.

Na medida en que utilizamos unha linguaxe –nas súas diversas manifestacións– igualitaria e inclusiva estamos a promover a igualdade efectiva entre mulleres e homes, estamos a posicionarnos a favor dos parámetros básicos de xustiza social, pero tamén das leis vixentes no marco internacional, europeo, español e galego que regulan o dereito á igualdade.

Existen múltiples formas de utilizar a linguaxe escrita e iconográfica amosando unha realidade diversa na que se inclúan mulleres e homes de forma equitativa, e na medida en que empregamos unha linguaxe non sexista convertémonos en axentes do cambio.



PARTE II

RECOMENDACIONES PARA UN USO INCLUSIVO DAS LINGUAXES

Este apartado toma como aspectos centrais o **marco normativo** existente sobre comunicación non sexista e as principais **recomendacións** para un uso inclusivo da **comunicación**.

MARCO NORMATIVO E LEXISLATIVO

Desde a existencia das políticas públicas de igualdade os gobernos e as distintas administracións públicas veñen chamando a atención sobre a necesidade de adoptar unha linguaxe e unha imaxe non sexista na comunicación que erradicase a discriminación e a invisibilización das mulleres. A continuación expóñense a lexislación e a normativa publicada nos ámbitos internacional, europeo, estatal e autonómico.

No ámbito **internacional** destacan:

- A Resolución 14.1, aprobada pola Conferencia Xeral da UNESCO, Gran Programa XIV: A Condición da Muller, na súa XXIV reunión, en 1987
- A Resolución 109, aprobada pola Conferencia Xeral da UNESCO, na súa reunión XXV, en 1989
- Comisión de Terminoloxía no CAHFM, V reunión (Estrasburgo, 27-30 de maio de 1986), Consello de Europa
- A Recomendación R (90) 4, de 21 de febreiro de 1990, do Comité de Ministros do Consello de Europa aos Estados membros, sobre a eliminación do sexismo na linguaxe, adoptada na 434.^a reunión de delegados de ministros (1991) Estrasburgo, Consello de Europa
- Programas de acción comunitarios para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (1991-2009)
- Declaración de Beijing e Plataforma para a Acción da IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres, Beijing, Nacións Unidas, 1995
- Comisión de Dereitos da Muller e Igualdade de Oportunidades, 28 de xaneiro de 2003, Parlamento Europeo

- Informe sobre a linguaxe non sexista no Parlamento Europeo, aprobado polo Grupo de Alto Nivel sobre Igualdade de Xénero e Diversidade o 13 de febreiro de 2008

No ámbito do **Estado español**, desde a creación do Instituto da Muller, no ano 1983, incídese tamén na necesidade de prestar atención á linguaxe sexista que invisibiliza e discrimina as mulleres. Desta necesidade nace Nombra, comisión asesora sobre linguaxe do Instituto da Muller, no ano 1994. Seguindo estas recomendacións, diversos ministerios e organismos oficiais estableceron unha normativa para fomentar un uso non sexista da linguaxe e da imaxe.

Ministerio de Xustiza

- Real decreto 762/1993, que establece pautas en relación co Rexistro civil e a discriminación lingüística en textos e formularios oficiais, autorizando a modificación na orde dos apelidos paterno e materno

- Lei 40/1999, de 5 de novembro, sobre nome e apelidos e orde destes, mediante a cal o apelido materno pode antepoñerse ao paterno

- Sesión do 9 de febreiro de 2005 do Pleno do Congreso Xeral do Poder Xudicial, pola que se acorda crear a Comisión para a Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes na Xudicatura, fixando entre os seus obxectivos o uso non sexista da linguaxe administrativa

Ministerio de Educación e Ciencia

- Real decreto 733/1995, de 5 de maio, polo que se aproban as normas reguladoras da expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (BOE núm. 131, 1995)

- Orde de 22 de marzo de 1995, pola que se establece adecuar a denominación dos títulos académicos oficiais en función da persoa que o solicita, sexa muller ou home (BOE núm. 74, de 28 de marzo de 1995)

- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. No artigo 16 establécese como un dos seus principios xerais que a finalidade da educación primaria é proporcionarlles ás nenas e aos nenos unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar. Tamén se establecen no artigo 23 como obxectivos valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades de mulleres e homes rexeitando os estereotipos de xénero e os prexuízos e comportamentos sexistas que fomentan a violencia de xénero

- Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, na que se establece que a universidade, como transmisora de valores, é un dos piares fundamentais para acadar unha sociedade tolerante e igualitaria que respecte os dereitos e liberdades fundamentais e de igualdade entre mulleres e homes

Ministerio de Asuntos Sociais, Ministerio de Igualdade, Instituto da Muller

- Creación da comisión asesora sobre linguaxe do Instituto da Muller (Comisión NOMBRA) ano 1994

- Real decreto 1686/2000, de 6 de outubro, polo que se crea o Observatorio da Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes

- Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (BOE de 29 de decembro de 2004), na que se establecen medidas de sensibilización e intervención no ámbito educativo, facendo especial fincapé no eido da publicidade, e a necesidade dunha imaxe que respecte a igualdade e a dignidade das mulleres

- Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (BOE núm. 71, de 23 de marzo), na que se establece como criterio de actuación de todos os poderes públicos a utilización dunha linguaxe non sexista. Esta lei, no título II, sobre as políticas públicas para a igualdade, regula no artigo 14.11, como criterio xeral de actuación dos poderes públicos, “a implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito administrativo e o seu fomento na totalidade das relacións sociais,

culturais e artísticas”. Para aplicar o principio de igualdade de trato e de oportunidades na sociedade da información, no artigo 28.4 establécese que “nos proxectos do ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación sufragados total ou parcialmente con diñeiro público se garantirá que a súa linguaxe e contidos non sexan sexistas”

Finalmente, no título III da lei, dedicado á igualdade e medios de comunicación, regúlanse medidas específicas para implantar a igualdade nos medios de comunicación social de titularidade pública. Para a RTV establécese a través do artigo 37.1.b que “na súa función de servizo público perseguirá na súa programación utilizar a linguaxe de forma non sexista”. Na mesma liña, no artigo 38.1.b menciónase que a Axencia EFE deberá velar polo respecto do principio de igualdade entre mulleres e homes e, en especial, pola utilización non sexista da linguaxe e establece como obxectivo “utilizar a linguaxe de forma non sexista”

- Plan estratéxico de igualdade 2008-2011, que recolle como primeiro obxectivo o de “amosar as mulleres e o feminino como suxeitos activos da construción social” e para acadalo formula, entre outras actuacións, a necesidade de “promover o uso dunha linguaxe non sexista que nomee a realidade feminina e masculina, buscando formas de expresión que non oculten nin subestimen o feminino”

No ámbito autonómico:

- Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no que se define a linguaxe sexista e se defende a erradicación do sexismo na linguaxe institucional e social; nos medios de comunicación, especialmente na publicidade; na educación e formación para a igualdade entre mulleres e homes e nas relacións laborais

PRINCIPAIS RECOMENDACIÓNS

Neste apartado abordamos unha serie de recomendacións co obxectivo de xerar e reproducir mensaxes non sexistas.

Por unha banda, describimos pautas que atinxen a linguaxe escrita coa intención de visualizar as diferentes posibilidades que ofrece o noso idioma á hora de construír un texto inclusivo. O obxectivo é coñecerlas para así adecualas a cada necesidade e aos diferentes tipos de texto, pero sobre todo **combinalas**, xa que deste modo amosaremos unha maior **riqueza da linguaxe** e evitaremos que resulte repetitiva. Por outra banda, ofrecemos unha lista de suxestións iconográficas sobre as que reflexionar á hora de utilizar información visual.

As estratexias descritas nos seguintes parágrafos son útiles á hora de elaborar unha mensaxe. Non obstante, poden xurdir dúbidas sobre a análise, desde criterios non sexistas, dun texto ou imaxe, polo que recomendamos a posta en práctica da **regra de inversión**: substituír un termo, oración, imaxe etc. polo xénero oposto, e analizar se a situación descrita é equitativa ou prexudicial para mulleres e homes. A través desta regra, que propón darlle a volta a un texto ou a unha imaxe, poderemos detectar as mensaxes sexistas: aquelas que invisibilizan as mulleres no discurso visual e/ou escrito, aquelas que negan un tratamento equitativo e paritario a mulleres e homes ou aquelas que reafirman estereotipos sexistas.

En diante utilizaremos o termo “xénero” en múltiples ocasións, polo que é preciso aclarar a súa definición segundo ao que nos refiramos. **Xénero**, entendido como **categoría analítica**, alude ao conxunto de comportamentos sociais, crenzas e valores asociados a cada persoa en función do seu sexo biolóxico. **Xénero gramatical**, referido ao trazo gramatical que marca a oposición entre masculino e feminino nos substantivos, pronomes, adxectivos e determinantes, que é inherente para os substantivos e pronomes e se establece por concordancia con estes no resto dos casos.

Tentaremos establecer un marco de referencia conxunto para a escrita, a oral, a iconográfica etc., posto que o fin último de calquera delas é comunicar, transmitir unha información. En última instancia, as linguaxes son instrumentos dun sistema de comunicación e neste é primordial coidar a coherencia da mensaxe –algo que vai mais alá da práctica non sexista das diversas linguaxes– **e o compromiso explícito coa igualdade, ao considerar as linguaxes poderosos instrumentos de transformación cara á consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.**

As linguaxes empréganse de modo sexista cando:

- Utilizan unha perspectiva androcentrista, tomando o masculino como modelo universal, invisibilizando, ocultando e dificultando a identificación das mulleres
- Utilizan un tratamento discriminatorio e peor cara ás mulleres, situándolas en posicións de subordinación ou inferioridade
- Transmiten estereotipos e roles sexistas, ligando as mulleres coas responsabilidades do fogar e dos coidados e asignando diferencialmente a mulleres e homes capacidades “naturais” para o exercicio profesional de tarefas asociadas ao mundo dos coidados para unhas e ao mundo público para outros

De acordo con estes puntos, podemos establecer unha serie de preguntas que nos axudan a facer visible a calidade dunha mensaxe en relación co seu valor inclusivo ou sexista:

- a)** Este texto e/ou imaxe utiliza unha perspectiva androcentrista, na que o masculino se establece como único modelo e invisibiliza, oculta e dificulta a identificación das mulleres?
- b)** Este texto e/ou imaxe proporciona un tratamento discriminatorio e peor cara ás mulleres e sitúaaas en posicións de subordinación ou inferioridade respecto dos homes?

c) Este texto e/ou imaxe transmite estereotipos e roles sexistas, ao ligar as mulleres ás responsabilidades típicas do fogar e dos coidados e asignar diferencialmente a mulleres e homes capacidades “naturais” para o exercicio profesional de tarefas asociadas ao mundo dos coidados para unhas e ao mundo público para outros?

A continuación describimos unha serie de estratexias básicas para producir textos en linguaxe inclusiva

1. Uso do feminino ou masculino segundo a persoa

En documentos nos que se coñece a persoa á que van dirixidos utilizaremos sempre o xénero gramatical que se corresponda co sexo da persoa. Cómpre ter especial coidado na antesinatura dos documentos.



Paula García. Xefe de servizo
Paula García. Auxiliar administrativo
Paula García. Arqueólogo de campo



Paula García. Xefa de servizo
Paula García. Auxiliar administrativa
Paula García. Arqueóloga de campo

2. Uso de substantivos xenéricos reais, colectivos e/ou abstractos

O xénero gramatical masculino posúe un dobre valor: específico e xenérico. Como específico refírese en exclusiva aos homes e como xenérico engloba homes e mulleres. O xénero gramatical feminino designa en exclusiva as mulleres.

Se relacionamos este dato co capítulo anterior: “Realidade, Comunicación, Xénero e Linguaxes”, no que aludiamos ao androcentrismo como o paradigma que sinalaba o home como a referencia universal, a utiliza-

ción do masculino como xenérico é consecuencia directa do androcen- trismo como modelo xerador e produtor de coñecemento e de visión e interpretación da realidade.

Esta dobre función do xénero gramatical masculino pode que atenda a criterios de economía lingüística, pero o uso do masculino como xenérico remata simplificando a realidade, xerando ambigüidade e sempre facendo invisibles as mulleres.

Na lectura da seguinte frase: “todos os colexiados están convidados ao acto. Poderán asistir coas súas mulleres” apreciamos como o xénero gramatical utilizado é o masculino, poderíamos pensar –ata a lectura do punto– que neste caso ten o valor de xenérico, non obstante, ao seguir lendo decatámonos que é usado como específico, xa que despois introduce o xénero feminino para completar a mensaxe. Pois ben, neste texto atopámonos co que García Meseguer denominou “salto semántico”, converter o xenérico masculino en masculino específico en frases contiguas, provocando confusión semántica.

Evitar a utilización do masculino como xenérico e utilízalo no seu valor gramatical específico referido exclusivamente ao masculino, á vez que utilizar o xénero gramatical feminino referido exclusivamente ao feminino, clarifica a mensaxe e visualiza simbolicamente a mulleres e homes.



O cidadán
Os fillos
Os alumnos
Os profesores
O suplente
Os veciños
Os voluntarios



A cidadanía
A descendencia
O alumnado
O profesorado
A suplencia
A veciñanza
O voluntariado



Os traballadores
O funcionario



O persoal
O funcionariado

Agora ben, existen xenéricos reais que designan o feminino e o masculino sen producir ambigüidades nin incorreccións lingüísticas e, o que é máis, co seu coñecemento e uso incrementase a riqueza do idioma.

Os substantivos xenéricos, abstractos, colectivos etc. son opcións que ten o noso idioma para nomear os dous sexos.

3. Utilización de metonimias

Unha das posibilidades coas que conta o noso idioma para englobar o feminino e o masculino nunha palabra son as metonimias, substantivos que aluden a cargos, profesións, oficios, actividades etc.



O director
O xefe
O presidente
O coordinador
O secretario
O alcalde
O xerente
O candidato
Os matriculados



A dirección
A xefatura
A presidencia
A coordinación
A secretaría
A alcaldía
A xerencia
A candidatura
A matrícula

4. Utilización de perífrases

Unha das formas máis doadas de incluír nun discurso escrito ou oral a mulleres e homes é a utilización de perífrases, entendidas como un conxunto de palabras que expresan unha idea.

En moitos casos, antepoñendo o termo **persoa** ou **persoal** podemos construír perífrases que nos permiten utilizar unha linguaxe non sexista.



Os policías
Os pontevedreses
Os políticos
Os inmigrantes
Os administrativos
Os contratados
Os interesados
Os aspirantes
O solicitante
Os técnicos
O contratante
O demandado
A terceiros
Os seleccionados

O corpo de policía
A poboación de Pontevedra
A clase política
A poboación inmigrante, as persoas inmigrantes
O persoal administrativo, as persoas administrativas
O persoal contratado, as persoas contratadas
As persoas interesadas
As persoas aspirantes
A persoa solicitante, a parte solicitante
O persoal técnico, as persoas técnicas
A persoa contratante, a parte contratante
A persoa demandada, a parte demandada
A terceiras persoas, a terceiras partes
As persoas seleccionadas

5. Modificación da redacción e uso de pronomes sen marca de xénero

Unha estratexia de moita utilidade á hora de utilizar unha linguaxe non sexista e inclusiva é o uso de determinados pronomes sen marca de xénero, igual que omitir o artigo cando este é o que marca o xénero.

En lugar de utilizar “algún” ou “algúns” cómpre utilizar “alguén”, ou cambiar o uso de “ningún” por “ninguén”, ou desbotar o uso de “todos” e “un” por “calquera” ou “cada”, tamén nas expresións que comezan con “os que” poden mudarse por “quen”.



Con marca de xénero

Os que
Algún / algúns
Ningún / ningún
Todos / Un
.....

Sen marca de xénero

Quen
Alguén
Ninguén
Calquera / Cada
.....

Con respecto ao artigo ou determinante, cando este acompaña un substantivo neutro é o que marca o xénero, de modo que a súa omisión permite construír expresións inclusivas.

Para desenvolver estas estratexias pode ser preciso introducir pequenas modificacións no texto que, sen dúbida, redundarán nunha mellor comprensión do significado.



Se **algún** presentase unha modificación

O demandante

O presidente do tribunal terá voto de calidade

Aqueles que posúan os seguintes requisitos

Se **ningún dos** presentes

O contribuínte

Os que pagasen o citado imposto

Os representantes dos traballadores

Todos os solicitantes

Asistirán **os** representantes de **todos os** órganos de goberno



Se **alguén** presentase unha modificación

Quen presente unha demanda

Quen presida o tribunal terá voto de calidade

Quen posúa os seguintes requisitos

Se **ninguén** presente

Cada contribuínte / **Calquera** contribuínte

Quen pagase o citado imposto

Quen represente o persoal da empresa

Cada solicitante

Asistirán representantes de **cada** órgano de goberno

6. Convivencia dos dous xéneros gramaticais. As dobres formas

Ata agora todas as estratexias descritas se basean na utilización de termos que engloban o feminino e o masculino, ou que eluden a marca de xénero. Non obstante, no capítulo anterior desvelabamos os porqués da linguaxe inclusiva e as razóns da existencia dunha linguaxe sexista. Desde esta perspectiva amosabamos a necesidade de visibilizar as mulleres nas diferentes linguaxes e a máxima: o que non se nomea non existe.

Pois ben, a utilización das dobres formas é o máximo expoñente da visibilización de mulleres e homes nun texto.

Pódese utilizar de diversos modos: dobrar todos os elementos da oración ou unicamente algún destes, dependendo do ritmo ou prevalencia que queiramos amosar. Desta forma poderemos darlles énfase a todos os elementos ou só a algúns. No caso de dobrar só algúns deberemos amosar a concordancia gramatical co último termo.



As funcionarias interesadas e os funcionarios interesados

Os funcionarios e as funcionarias interesadas

As funcionarias e funcionarios interesados

Funcionarios e funcionarias interesadas

.....

No anterior cadro observamos diferentes tipos de desdobramentos:

- O primeiro responde á dobre forma no artigo, no substantivo e no adxectivo

- O segundo desdobra o artigo e o substantivo pero non o adxectivo, que concorda por proximidade co substantivo feminino

- O terceiro utiliza a dobre forma só no substantivo, omite o artigo no segundo desdobramento e concorda o xénero gramatical do adxectivo co substantivo máis próximo (masculino)

- O cuarto omite os artigos e desdobra o substantivo e concorda o xénero gramatical do adxectivo co substantivo máis próximo (feminino)

Estas catro oracións, gramaticalmente correctas, utilizan as dobres formas de diferente modo, dependendo das unidades que se desdobren. Sempre hai que ter coidado en realizar a **concordancia de proximidade**, o que significa que o adxectivo tome o xénero do substantivo ao que acompañe.

Respecto á orde de presentación das dobres formas pódese comezar por un xénero gramatical determinado e despois presentar o contrario, alternando entre un e outro en todo o texto.

A utilización das dobres formas é unha das múltiples estratexias do uso inclusivo da lingua, pero poderíamos utilizar outras moitas posibilidades. Por exemplo, a oración “as funcionarias interesadas e os funcionarios interesados” permite as dobres flexións realizadas no exemplo, pero tamén moitas máis opcións coma as seguintes:

- A utilización dun xenérico: o funcionariado interesado
- A utilización dunha perífrase: o persoal funcionario interesado ou as persoas funcionarias interesadas
- A utilización de pronomes sen marca de xénero: calquera persoa funcionaria interesada, quen tivese interese etc.

Todas estas son formas alternativas ao uso máis estendido: “os funcionarios interesados”.

A realidade é que a nosa lingua ofrece múltiples formas de expresión, coñecelas e utilizalas é a nosa responsabilidade.

A linguaxe visual tamén importa, polo que a continuación amosamos unha serie de recomendacións básicas para producir imaxes inclusivas:

As imaxes son a primeira información que atrapa os nosos sentidos, unha imaxe vale máis que mil palabras, adoitamos dicir, e a realidade é que a transmisión de información a través da linguaxe visual e iconográfica é un dos sinais de identidade dos nosos tempos.

A composición da imaxe en canto a tamaños, lugares, planos, ángulos, cores, posicións etc. é un aspecto das imaxes que pode pasar desapercibido pero que é vital na transmisión das mensaxes. A este respecto hai unha gran regra de uso: tratar do mesmo xeito as mulleres e os homes nas representacións visuais.

Non obstante, ao igual que na escrita, as imaxes invisibilizan as mulleres e cando aparecen é frecuente que o fagan desde canons sexistas.

1. Non representar as mulleres en posicións de subordinación, inferioridade ou cousificación

A publicidade adoita utilizar a imaxe das mulleres situándoas en posicións de subordinación ou inferioridade, con menores capacidades ou non aptas para asumir responsabilidades, ridiculizándoas ou presentándoas de forma ofensiva. Por exemplo, utilizando o corpo feminino como reclamo ou obxecto sexual, pasivo e ao servizo da sexualidade masculina, ou fomentando un modelo de beleza baseado na xuventude, delgadeza e perfección corporal, de acordo con canons pouco reais que vinculan as posibilidades de éxito persoal e social a posuír esta imaxe.

Este tratamento ten consecuencias nocivas xa que visibiliza as mulleres como “obxecto de”, non como “suxeitos propios”, transmite unha idea asociada á subordinación, de “seres para outros” e de axentes pasivas.

Pode que na transmisión da comunicación institucional non adoitemos visualizar claros exemplos deste mecanismo sexista, non obstante, as administracións públicas poden vincularse con outros espazos que transmiten esta visión (ligazóns a webs, patrocinio de actividades etc.)

Exemplos destas posibilidades están recollidos nos informes do *Observatorio de la imagen de las mujeres*, que foi creado en 1994 para cumprir os compromisos legais europeos e nacionais do fomento dunha imaxe equilibrada e non estereotipada das mulleres.

2. Evitar o uso da figura masculina como xenérica

Ao igual que ocorre coa linguaxe escrita, a linguaxe visual e iconográfica tende a situar o home como centro e referencia do universo, adopta un androcentrismo que oculta as mulleres do imaxinario colectivo, entende que a imaxe masculina engloba a feminina e que ao visualizar o home estamos visualizando a humanidade.

Cando reiteradamente as imaxes que utilizamos teñen como protagonismo central a imaxe do home, debemos expornos ás preguntas realizadas ao principio deste apartado, nomeadamente a unha esencial: onde están as mulleres?

3. Visibilizar unha presenza equilibrada de mulleres e homes, tendo en conta a súa diversidade

Como consecuencia directa do anterior punto precisamos visibilizar as mulleres e os homes de forma paritaria e plural, garantir a paridade e a presenza equilibrada dos dous sexos, evitar as ausencias, incorporar as mulleres como suxeitos activos das imaxes, proporcionarlles o protagonismo negado nos tempos, visualizar iconas que representen de forma clara e nítida as mulleres e os homes por igual e dotar esas imaxes de pluralidade e diversidade en relación coas idades, razas, culturas, etnias etc., como mecanismo que conforme o noso imaxinario cara á realidade social na que vivimos.



Para acadar este obxectivo podemos utilizar imaxes nas que aparezan mulleres e homes de forma conxunta ou realizar a dobre flexión (de forma similar ao sinalado nas recomendacións asociadas á escrita) nas imaxes ou alternalas.



4. Evitar a reprodución de estereotipos e roles sexistas, recreando contornos dos que sempre estiveron ausentes

As imaxes non deixan de ser sexistas porque haxa paridade de mulleres e homes senón polo que se transmita a través destas. O feito de que a nivel visual aparezan mulleres e homes non evita o sexismo.

Cando asociamos a imaxe das mulleres á beleza, á sensibilidade, á fragilidade, á pasividade, ás tarefas dos cuidados, á reprodución e ao espazo doméstico, e as imaxes dos homes á fortaleza, á actividade, ao poder público, á produción, ao espazo público, ao mundo profesional etc., estamos a favorecer e a reforzar os estereotipos e roles de xénero asociados ao sexismo e tradicionalmente asumidos por toda a sociedade.



Rachar con estes roles e favorecer a emerxencia e a visibilidade de novos papeis para mulleres e homes tamén é unha responsabilidade das administracións públicas, coa representación das mulleres fóra de espazos domésticos e do coidado e inseridas en espazos de recoñecemento social e profesional.





PARTE III

LISTA DE TERMOS

TERMOS / A-Z

ALTERNATIVAS INCLUSIVAS

A

a terceiros	terceiras persoas			terceira ou terceiro	terceiras e terceiros	as e os terceiros	as terceiras e os terceiros
acredor	parte acreedora	persoa acreedora	entidade acreedora	acredora ou acredor	acredoras e acredores	as e os acredores	as acredores e os acredores
administrador	administración	persoa administradora		administradora ou administrador	administradoras e administradores	as e os administradores	as administradoras e os administradores
administrativo	administración	persoa administrativa	persoal de administración	administrativa ou administrativo	administrativas e administrativos	as e os administrativos	as administrativas e os administrativos
admitido	admisión	persoa admitida		admitida ou admitido	admitidas e admitidos	as e os admitidos	as admitidas e os admitidos
adolescente	adolescencia	persoa adolescente				as e os adolescentes	as adolescentes e os adolescentes
adulto	aduldez	persoa adulta	idade adulta	adulta ou adulto	adultas e adultos	as e os adultos	as adultas e os adultos
adxudicatario	parte adxudicataria	persoa adxudicataria	entidade adxudicataria	adxudicataria ou adxudicatario	adxudicatarias e adxudicatarios	as e os adxudicatarios	as adxudicatarias e os adxudicatarios
afiliado	afiliación	persoa afiliada		afiliada ou afiliado	afiliadas e afiliados	as e os afiliados	as afiliadas e os afiliados
alcalde	alcaldía	representantes locais		alcaldesa ou alcalde	alcaldesas e alcaldes	as e os alcaldes	as alcaldesas e os alcaldes
algún	alguén			algunha ou algún	algunhas e algúns		
alumno	alumnado	estudiantado	estudiante	alumna ou alumno	alumnas e alumnos	as e os alumnos	as alumnas e os alumnos
ambos	un e outra	ambas as partes					
amigo	amizade	amizades		amiga ou amigo	amigas e amigos	as e os amigos	as amigas e os amigos
ancían		persoa maior		anciá ou ancián	anciás e anciáns	as e os anciáns	as anciás e os anciáns
antepasados	ascendencia					as e os ascendentes	as ascendentes e os ascendentes
apoderado	apoderamento	persoa apoderada		apoderada ou apoderado	apoderadas e apoderados	as e os apoderados	as apoderadas e os apoderados
aquel	aquela				aquelas e aqueles		

aqueles que dispoñan	quen dispoña	persoas que dispoñan					
arquitecto técnico	persoal técnico arquitectura	persoal técnico de arquitectura		arquitecta ou arquitecto	arquitectas e arquitectos	as e os arquitectos	as arquitectas e os arquitectos
asalariado		persoa asalariada	persoal asalariado	asalariada ou asalariado	asalariadas e asalariados	as e os asalariados	as asalariadas e os asalariados
asesor	asesoría	asesoramento	equipo asesor	asesora ou asesor	asesoras e asesores	as e os asesores	as asesoras e os asesores
asinante	persoa asinante					as e os asinantes	as asinantes e os asinantes
aspirante	persoa aspirante	persoa candidata	persoal aspirante			as e os aspirantes	as aspirantes e os aspirantes
autónomo	persoa autónoma	persoal autónomo		autónoma ou autónomo	autónomas e autónomos	as e os autónomos	as autónomas e os autónomos
autor	autoría	persoa autora		autor ou autora	autoras e autores	as e os autores	as autoras e os autores
avogado	avogacía	asesoría xurídica	asesoría legal	avogada ou avogado	avogadas e avogados	as e os avogados	as avogadas e os avogados
B beneficiario	persoa beneficiaria	entidade beneficiaria	quen se beneficie	beneficiaria ou beneficiario	beneficiarios e beneficiarias	as e os beneficiarios	as beneficiarias e os beneficiarios
bolseiro	persoa bolseira	persoa titular da bolsa		bolseira ou bolseiro	bolseiras e bolseiros	as e os bolseiros	as bolseiras e os bolseiros
C caixa do cidadán	caixa cidadá	caixa da cidadanía		caixa da cidadá ou do cidadán	caixa das cidadás e cidadáns	caixa das cidadás e dos cidadáns	caixa das cidadás e dos cidadás
candidato	candidatura	quen opta	persoa candidata	candidata ou candidato	candidatas e candidatos	as e os candidatos	as candidatas e os candidatos
cando un...	cando se...						
cidadáns	cidadanía	poboación		cidadá ou cidadán	cidadás e cidadáns	as e os cidadáns	as cidadás e os cidadáns
científico	comunidade científica	persoa científica		científica ou científico	científicas e científicos	as e os científicos	as científicas e os científicos

cliente	clientela			clienta ou cliente	clientas e clientes	as e os clientes	as clientas e os clientes
coidador	persoa coidadora			coidadora ou coidador	coidadoras e coidadores	as e os coidadores	as coidadoras e os coidadores
competidor	competencia	persoa competidora		competidora ou competidor	competidoras e competidores	as e os competidores	as competidoras e os competidores
concelleiros	compoñentes da corporación			concelleira ou concelleiro	concelleiras e concelleiros	as e os concelleiros	as concelleiras e os concelleiros
conselleiro	consellaría			conselleira ou conselleiro	conselleiras e conselleiros	as e os conselleiros	as conselleiras e os conselleiros
conserxe	conserxaría					as e os conserxes	as conserxes e os conserxes
consultor	consultoría	persoa consultora		consultora ou consultor	consultoras e consultores	as e os consultores	as consultoras e os consultores
consumidor	consumo	persoa consumidora	quen consume	consumidora ou consumidor	consumidoras e consumidores	as e os consumidores	as consumidoras e os consumidores
contratado	persoal asalariado	persoa empregada	o cadro de persoal	contratada ou contratado	contratadas e contratados	as e os contratados	as contratadas e os contratados
contribuínte	persoa contribuínte					as e os contribuíntes	as contribuíntes e os contribuíntes
convidado	persoa convidada			convidada ou convidado	convidadas e convidados	as e os convidados	as convidadas e os convidados
coordinador	coordinación	persoa coordinadora	equipo de coordinación	coordinadora ou coordinador	coordinadoras e coordinadores	as e os coordinadores	as coordinadoras e os coordinadores
daquel	daquela						
decano	decanato	persoa decana		decana ou decano	decanas e decanos	as e os decanos	as decanas e os decanos
demandante	parte demandante	persoa demandante				as e os demandantes	as demandantes e os demandantes

desempregado	persoa en situación de desemprego	persoa desempregada		desempregada ou desempregado	desempregadas e desempregados	as e os desempregados	as desempregadas e os desempregados
destinatario	persoa destinataria			destinataria ou destinatario	destinatarias e destinatarios	as e os destinatarios	as destinatarias e os destinatarios
diplomado	con diplomatura en...	persoa diplomada		diplomada ou diplomado	diplomadas e diplomados	as e os diplomados	as diplomadas e os diplomados
directivo	dirección	persoa directiva	equipo de dirección	directiva ou directivo	directivas e directivos	as e os directivos	as directivas e os directivos
director	dirección	persoa directiva	equipo directivo	directora ou director	directoras e directores	as e os directores	as directoras e os directores
discapitado	persoa con diversidade funcional						
domiciliado en	domicilio	endereço	residencia	domiciliada ou domiciliado	domiciliadas e domiciliados	as e os domiciliados	as domiciliadas e os domiciliados
Don/Dona	nome e apelidos						
E educador	persoa educadora	persoal docente		educadora ou educador	educadoras e educadores	as e os educadores	as educadoras e os educadores
elector	electorado	persoa electora		electora ou elector	electoras e electores	as e os electores	as electoras e os electores
emancipado	persoa emancipada			emancipada ou emancipado	emancipadas e emancipados	as e os emancipados	as emancipadas e os emancipados
empadroado	empadramento	con padrón en	persoas empadroadas	empadroadada ou empadroadado	empadroadas e empadroados	as e os empadroados	as empadroadas e os empadroados
empendedor	persoa emprendedora			empendedor ou emprendedor	empendedoras e emprendedores	as e os emprendedores	as emprendedoras e os emprendedores
empresario	empresariado	empresa	clase empresarial	empresaria ou empresario	empresarias e empresarios	as e os empresarios	as empresarias e os empresarios
encargado	persoa encargada	persoa responsable		encargada ou encargado	encargadas e encargados	as e os encargados	as encargadas e os encargados

españóis	persoas españolas	poboación española	ciudadanía española	española ou español	españolas e españois	as e os españois	as españolas e os españois
estudante	estudiantado	persoa estudante	poboación estudantil			as e os estudantes	as estudantes e os estudantes
europesos	persoas europeas	poboación europea	ciudadanía europea	europea ou europeo	europeas e europeos	as e os europeos	as europeas e os europeos
examinado	persoa examinada			examinada ou examinado	examinadas e examinados	as e os examinados	as examinadas e os examinados
excluído	persoa excluída			excluída ou excluído	excluídas e excluídos	as e os excluídos	as excluídas e os excluídos
expedientado	persoa expedientada			expedientada ou expedientado	expedientadas e expedientados	as e os expedientados	as expedientadas e os expedientados
experto	persoa especialista	persoa experta	persoal especializado	experta ou experto	expertas e expertos	as e os expertos	as expertas e os expertos
F fillo	descendencia	criatura	crianza	filla ou fillo	fillas e fillos	as e os fillos	as fillas e os fillos
formador	persoal de formación	persoa formadora	ensinantes	formadora ou formador	formadoras e formadores	as e os formadores	as formadoras e os formadores
funcionario	funcionariado	persoa funcionaria	membro do funcionariado	funcionaria ou funcionario	funcionarias e funcionarios	as e os funcionarios	as funcionarias e os funcionarios
G galardoado	persoa galardoada	con galardóns		galardoada ou galardoado	galardoadas e galardoados	as e os galardoados	as galardoadas e os galardoados
galegos	persoas galegas	poboación galega	ciudadanía galega	galega ou galego	galegas e galegos	as e os galegos	as galegas e os galegos
gañador	persoa gañadora			gañadora ou gañador	gañadoras e gañadores	as e os gañadores	as gañadoras e os gañadores
graduado	con grao en	persoa con grao en		graduada ou graduado	graduadas e graduados	as e os graduados	as graduadas e os graduados

H	habitantes	persoas habitantes	persoas residentes	persoas empadroadas			as e os habitantes	as habitantes e os habitantes
	home	persoa	humanidade					
	humano	humanidade	persoa		humana ou humano	humanas e humanos	as e os humanos	as humanas e os humanos
I	infractor	persoa infractora			infractora ou infractor	infractoras e infractores	as e os infractores	as infractoras e os infractores
	inmigrante	a inmigración	persoa inmigrante				as e os inmigrantes	as inmigrantes e os inmigrantes
	inspector	inspección	persoa inspectora		inspectora ou inspector	inspectoras e inspectores	as e os inspectores	as inspectoras e os inspectores
	interesado	persoa interesada	persoal interesado	entidade interesada	interesada ou interesado	interesadas e interesados	as e os interesados	as interesadas e os interesados
	interino	interinidade	persoa en interinidade		interina ou interino	interinas e interinos	as e os interinos	as interinas e os interinos
	interventor	intervención	persoa interventora		interventora ou interventor	interventoras e interventores	as e os interventores	as interventoras e os interventores
	investigador	persoa investigadora	persoal investigador		investigador ou investigadora	investigadoras e investigadores	as e os investigadores	as investigadoras e os investigadores
	L	lector	persoa lectora	público lector		lectora ou lector	lectoras e lectores	as e os lectores
licenciado		con licenciatura en...	persoa licenciada en		licenciada ou licenciado	licenciadas e licenciados	as e os licenciados	as licenciadas e os licenciados
licitador		persoa licitante	empresa licitante		licitadora ou licitador	licitadoras e licitadores	as e os licitadores	as licitadoras e os licitadores
limpadora		persoal de limpeza	persoa limpadora		limpadora ou limpador	limpadoras e limpadores	as e os limpadores	as limpadoras e os limpadores

M

matriculado	persoa matriculada			matriculada ou matriculado	matriculadas e matriculados	as e os matriculados	as matriculadas e os matriculados
médico	persoal médico			médica ou médico	médicas e médicos	as e os médicos	as médicas e os médicos
membro	persoa integrante	compoñente					
ministro	ministerio			ministra ou ministro	ministras e ministros	as e os ministros	as ministras e os ministros
moitos	unha maioría	a maioría			moitas e moitos		
monitor	monitorado	persoa monitora		monitora ou monitor	monitoras e monitores	as e os monitores	as monitoras e os monitores
mozo	xuventude	mocidade	xente nova	moza ou mozo	mozas e mozos	as e os mozos	as mozas e os mozos

N

nacido	natural de	lugar de nacemento	persoa nacida en	nacida ou nacido	nacidas e nacidos	as e os nacidos	as nacidas e os nacidos
naquel	naquela						
nenos	infancia	criaturas	menores	nenas ou nenos	nenas e nenos	as e os nenos	as nenas e os nenos
ningún	ninguén	ningunha persoa					
notario	notaría	notariado	persoa notaria	notaria ou notario	notarias e notarios	as e os notarios	as notarias e os notarios

O

o abonado	se ten un abono	débese ter un abono	persoa abonada	abonada ou abonado	abonadas e abonados	as e os abonados	as abonadas e os abonados
o demandado	a parte demandada			demandada ou demandado	demandadas e demandados	as e os demandados	as demandadas e os demandados
o demandante	a parte demandante	quen presente unha demanda				as e os demandantes	as demandantes e os demandantes
o profesional	persoal experto	persoa profesional				as e os profesionais	as profesionais e os profesionais
o solicitante	persoa solicitante	quen solicite				as e os solicitantes	as solicitantes e os solicitantes
o suplente	suplencia	persoa suplente				as e os suplentes	as suplentes e os suplentes

obrigado	parte obrigada			obrigada ou obrigado	obrigadas e obrigados	as e os obrigados	as obrigadas e os obrigados
oficina de atención ao cidadán	oficina de atención á cidadanía			oficina de atención á cidadá ou cidadán	oficina de atención a cidadás e cidadáns	oficina de atención ás e aos cidadáns	oficina de atención ás cidadás e aos cidadáns
operario	persoa operaria	persoal operario		operaria ou operario	operarias e operarios	as e os operarios	as operarias e os operarios
opositor	persoa opositora	quen oposita		opositora ou opositor	opositoras e opositores	as e os opositores	as opositoras e os opositores
orientador	persoa orientadora	persoal de orientación		orientadora ou orientador	orientadoras e orientadores	as e os orientadores	as orientadores e os orientadores
os afectados	as persoas afectadas			afectada ou afectado	afectadas e afectados	as e os afectados	as afectadas e os afectados
os dereitos dos nenos	os dereitos da infancia			os dereitos da nena ou neno	os dereitos das nenas e nenos	os dereitos das e dos nenos	os dereitos das nenas e dos nenos
os gardas urbanos	os efectivos da garda urbana			os efectivos da garda urbana	os efectivos da garda urbana	as e os gardas urbanos	as gardas urbanas e os gardas urbanos
os que	quen						
os traballadores contratados	persoas contratadas	persoal contratado		traballadora contratada ou traballador contratado	traballadoras contratadas e traballadores contratados	as e os traballadores contratados	as traballadoras contratadas e os traballadores contratados
parado	poboación en desemprego	persoa parada ou desempregada	desemprego	parada ou parado	paradas e parados	as e os parados	as paradas e os parados
participante	persoa participante	persoal participante				as e os participantes	as participantes e os participantes
político	clase política	cargos políticos	as persoas representantes políticas	política ou político	políticas e políticos	as e os políticos	as políticas e os políticos
poucos	unha minoría			pouca ou pouco	poucas e poucos		

R

presentador	quen presenta	persoa que presenta		presentadora ou presentador	presentadoras e presentadores	as e os presentadores	as presentadoras e os presentadores
presidente	presidencia	persoa a cargo da presidencia		presidenta ou presidente	presidentas e presidentes	as e os presidentes	as presidentas e os presidentes
profesor	profesorado	docencia	persoal docente	profesora ou profesor	profesoras e profesores	as e os profesores	as profesoras e os profesores
receptor	recepción	persoa receptora		receptora ou receptor	receptoras e receptores	as e os receptores	as receptoras e os receptores
redactor	redacción	equipo de redacción	consello de redacción	redactora ou redactor	redactoras e redactores	as e os redactores	as redactoras e os redactores
reitor	reitoría	reitorado		reitora ou reitor	reitoras e reitores	as e os reitores	as reitoras e os reitores
relator	conferenciante	persoa relatora		relatora ou relator	reladoras e relatores	as e os relatores	as reladoras e os relatores
representante	quen representa	persoa representante	representación			as e os representantes	as representantes e os representantes
residente	residencia	persoa residente	poboación residente			as e os residentes	as residentes e os residentes
secretario	secretaría			secretaria ou secretario	secretarias e secretarios	as e os secretarios	as secretarias e os secretarios
ser español	ter a nacionalidade española	poboación española	cidanía española	española ou español	españolas e españois	as e os españois	as españolas e os españois
ser galego	persoa galega	poboación galega	cidanía galega	galega ou galego	galegas e galegos	as e os galegos	as galegas e os galegos
será o coordinador	quen coordine	persoa coordinadora		coordinadora ou coordinador	coordinadoras e coordinadores	as e os coordinadores	as coordinadoras e os coordinadores
será o xuíz	quen xulgue			xuíza ou xuíz	xuízas e xuíces	as e os xuíces	as xuízas e os xuíces
si mesmos	cada cal	cadaquén					

S

T	técnico	persoal técnico	persoa técnica		técnica ou técnico	técnicas e técnicos	as e os técnicos	as técnicas e os técnicos
	tesoureiro	tesouraría			tesoureira ou tesoureiro	tesoureiras e tesoureiros	as e os tesoureiros	as tesoureiras e os tesoureiros
	titor	titoría	persoa titora		titora ou titor	titoras e titores	as e os titores	as titoras e os titores
	titulado	con titulación en	persoa titulada		titulada ou titulado	tituladas e titulados	as e os titulados	as tituladas e os titulados
	todos	a totalidade	todas as persoas	toda a xente	toda ou todo	todas e todos		
	traballador	persoal	persoa traballadora	cadro de persoal	traballadora ou traballador	traballadoras e traballadores	as e os traballadores	as traballadoras e os traballadores
U	universitarios	comunidade universitaria	persoas universitarias		universitaria ou universitario	universitarias e universitarios	as e os universitarios	as univeristarias e os universitarios
	usuario	persoa usuaria			usuaria ou usuario	usuarias e usuarios	as e os usuarios	as usuarias e os usuarios
V	veciño	veciñanza	persoa veciña		veciña ou veciño	veciñas e veciños	as e os veciños	as veciñas e os veciños
	vello	vellez	persoa maior	persoa anciá	vella ou vello	vellas e vellos	as e os vellos	as vellas e os vellos
	voluntarios	voluntariado	persoa voluntaria		voluntaria ou voluntario	voluntarias e voluntarios	as e os voluntarios	as voluntarias e os voluntarios
W	web do visitante	web de visitantes			web da visitante ou do visitante	web das visitantes e dos visitantes	web das e dos visitantes	web das visitantes e dos visitantes
X	xefe	xefatura			xefa ou xefe	xefas e xefes	as e os xefes	as xefas e os xefes
	xefe de servizo	xefatura de servizo	persoa responsable do servizo		xefa de servizo ou xefe de servizo	xefas de servizo e xefes de servizo	as e os xefes de servizo	as xefas de servizo e os xefes de servizo
	xestor	xestión	persoa xestora	posto de xestión	xestora ou xestor	xestoras e xestores	as e os xestores	as xestoras e os xestores



PARTE IV

BIBLIOGRAFÍA



Por último, a **parte IV** recolle a **bibliografía e a webgrafía**.

BIBLIOGRAFÍA

Alario, Carmen; Bengoechea, Mercedes; Lledó, Eulàlia; Vargas, Ana. *Nombra. En femenino y masculino*. Madrid: Instituto de la Mujer. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales (serie lenguaje nº1), 1995.

Alfaro Gandarillas, Elida; Bengoechea Bartolomé, Mercedes; Vázquez Gómez, Benilde. *Hablamos de Deporte. En femenino y en masculino*. Madrid: Instituto de la Mujer. Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad (Serie lenguaje nº 7), 2010.

Bermúdez Blanco, Manuel; Cid Fernández, Alba. *Criterios de linguaxe non sexista*. Santiago de Compostela: Servizo de normalización lingüística. Universidade de Santiago de Compostela, 2011.

Bringas López, Ana; Castro Vázquez, Olga; Fariña Busto, María Jesús; Martín Lucas, Belén; Suárez Briones, Beatriz. *Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario*. Vigo: Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, 2012.

Castro Vázquez, Olga. *Medios de Comunicación e linguaxe non sexista. Foro Internacional sobre Comunicación e Xénero*. (2006, Pontevedra). Pontevedra, 2007.

Del Olmo Campillo, Gemma; Méndez Miras, Ana. *En dos palabras. En femenino y en masculino*. Madrid: Instituto de la Mujer. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales (Serie lenguaje nº 2), 2003.

Enred Consultores S.L. *Guía sobre estrategias de Comunicación Incluyente: El género como prioridad*. Pamplona: Gobierno de Navarra. Instituto Navarro para la Igualdad, 2008.

Escrig Gil, Gemma; Sales Boix, Anna. *Guía de tratamento no sexista de la información y la comunicación en la Universitat Jaume I*. Castelló: Universitat Jaume I, 2011.

Fundación Pública Andaluza Fondo de Formación y Empleo. Consejería de Empleo. Junta de Andalucía. Fundación Mujeres. *Guía de Comunicación Incluyente*. Sevilla: Fundación Pública Andaluza Fondo de Formación y Empleo. Consejería de Empleo. Junta de Andalucía. Fundación Mujeres, 2010.

García Meseguer, Álvaro. *¿Es sexista la lengua española?: Una investigación sobre el género gramatical*. Barcelona: Paidós, 1994.

Garí Pérez, Aitana. *Hablamos de Salud. En femenino y en masculino*. Madrid: Instituto de la Mujer. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales (Serie lenguaje nº5), 2006.

Guerrero Martín, Charo; Lledó Cunill, Eulàlia. *Hablamos de leyes. En femenino y masculino*. Madrid: Instituto de la Mujer. Ministerio de Igualdad (Serie lenguaje nº 6), 2008.

Guerrero Salazar, Susana. *Guía para un uso igualitario y no sexista del lenguaje y de la imagen en la Universidad de Jaén*. Jaén: Unidad de Igualdad. Universidad de Jaén, 2012.

Izquierdo Benito, María Jesús. *Del elogio de la diferencia y la crítica de la desigualdad a la ética de la similitud*. Revista de Sociología (nº 59, 1999). Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona. Departament de Sociologia, 1999.

Lledó Cunill, Eulàlia. *El sexismo y el androcentrismo en la lengua: análisis y propuestas de cambio*. Barcelona: ICE Universidad Autónoma, 1992.

Lledó Cunill, Eulàlia. *Las profesiones de la A a la Z. En femenino y masculino*. Madrid: Instituto de la Mujer. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales (serie lenguaje nº 4), 2006.

Lledó Cunill, Eulàlia (revisión textos). *Guía Práctica para un uso no sexista del lenguaje administrativo*. Alicante: Excma. Diputación Provincial de Alicante, 2010.

Lledó Cunill, Eulàlia. *Guía del lenguaje para el ámbito de la empresa y el empleo*. Vitoria: EMAKUNDE – Instituto Vasco de la Mujer, 2011.

Méndez Miras, Ana; Sasiain Villanueva, Itxaso (coordinación general). *Nombra.en.red. En femenino y masculino*. Madrid: Instituto de la Mujer. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales (Serie lenguaje nº 3), 2006.

MATERIAL PARA CONSULTAR NA REDE

Exeria: Aplicación para unha linguaxe non sexista

<http://www.exeria.net/>

Recomendacións para un uso non sexista da linguaxe. UNESCO

<http://unesdoc.unesco.org/images/0011/001149/114950so.pdf>

Recomendación aprobada polo Comité de Ministros do Consello de Europa, o 21 de febreiro de 1990

<http://www.europarl.europa.eu/meetdocs/committees/femm/20030122/484924ES.pdf>

Orde de 22 de marzo de 1995 pola que se adecúa a denominación dos títulos académicos á condición masculina ou feminina de quen os obtéñan. BOE núm. 74, de 28 de marzo de 1995, páxinas 9477 a 9478

<https://www.boe.es/boe/dias/1995/03/28/pdfs/A09477-09478.pdf>

Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. BOE núm. 313, de 29 de decembro de 2004

<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2004-21760>

Recomendación CM/Rec (2007)17 do Comité de Ministros aos Estados membros sobre as normas e os mecanismos de igualdade entre mulleres e homes (adoptada polo Comité de Ministros o 21 de novembro de 2007, durante a 1011ª reunión dos representantes dos ministros). Consello de Europa

<http://www.mecd.gob.es/dctm/ministerio/horizontales/ministerio/igualdad-de-genero/mecanismos-de-igualdad.pdf?documentId=0901e72b80b0251a>

Lei 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. BOE núm. 89, de 13 de abril de 2007

<https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2007-7786>

Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. BOE núm. 71, de 23 de marzo de 2007

<https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2007-6115>

Informe sobre a linguaxe non sexista no Parlamento Europeo. (Aprobado pola decisión do Grupo de Alto Nivel sobre Igualdade de Xénero e Diversidade de 13 de febreiro de 2008)

http://www.fademur.es/_documentos/Informe-Eurocamara-Lenguaje-sexista.pdf

Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. DOG núm. 32, de 17 de febreiro de 2016

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160217/AnuncioG0244-110216-0005_gl.html

